

## SISTEMA DE XESTIÓN DE CALIDADE

O Instituto posúe un sistema de xestión de calidade dende o ano 2004. Anualmente se somete a auditoría externa para avaliar o sistema. A empresa certificadora é Bureau Veritas Certification, que auditou e certificou en agosto de 2021 e a caducidade do certificado é en agosto de 2024 .

O Sistema de Xestión de Calidade (SXC) do IGafa establécese seguindo a Norma Europea UNE-EN ISO 9001:2015, que a súa vez adopta a Norma Internacional ISO 9001:2015. Esta Norma Internacional se relaciona con la Norma ISO 9000 Sistemas de xestión da calidade. Fundamentos e vocabulario e coa Norma ISO 9004 Xestión para o éxito sostido dunha organización.

O obxecto do SXC é o alumnado, e todas as actividades que se desenvolven no centro repercuten na súa formación. O alcance do sistema é:

- A actividade docente, na modalidade presencial ou semipresencial, nos ciclos formativos de grao medio e superior en materia de Acuicultura e Mergullo;
- As xestións de distintos recursos materiais que permiten o desenvolvemento da actividade docente.

Os axentes implicados no SXC son: Profesorado e o Persoal de Administración e Servizos, o alumnado, as administracións con competencias, os provedores, as empresas de certificacións e reparacións, e empresas e institucións onde o alumnado realiza as súas prácticas.

A documentación do SXC está viva e é obxecto de exame sistemático na revisión anual que a Dirección e a Coordinación de Calidade realizan sobre o SXC.

O Sistema de Xestión de Calidade do IGafa está baseado en bloques de Procesos: PROCESOS CLAVE, aqueles imprescindibles para o desenvolvemento da tarefa formativa do profesorado.

PROCESOS DE APOIO, necesarios porque apoian o desenvolvemento da actividade docente e o control do SXC.

PROCESO ESTRATÉXICO é a revisión e o control do SXC así como as propostas de mellora, a desenvolver pola dirección do centro.